

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de novembro de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1.326-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento á UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U- AVAN INTEGRAL, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.: deberá presentar o Anexo III do PCAP debidamente cumprimentado polo terceiro a cuxa solvencia recorre (TK ELEVADORES, S.L.U.) e asinado dixitalmente polo/s representante/s con poder de representación
 2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: deberá presentar o Anexo III do PCAP asinado dixitalmente polo/s representante/s con poder de representación do terceiro a cuxa solvencia recorre (TK ELEVADORES, S.L.U.).

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 13:36	Páxina 1 de 2
1326-441	CSV: ABA5BA-5F2D52-4BD88A-M3RZRY-AVUVQW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **1 de decembro de 2022**.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 13:36	Páxina 2 de 2
1326-441	CSV: ABA5BA-5F2D52-4BD88A-M3RZRY-AVUVQW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		